



## **Propostas da Marea Atlántica para un Plan de Choque Social no Concello da Coruña ante a crise do COVID-19**

Estamos a vivir unha situación e excepcional emerxencia sanitaria, causada pola pandemia de COVID-19, que nos esixe actuar de xeito igualmente excepcional, con valentía política e decisión para protexer as persoas máis vulnerables. O grupo municipal da Marea Atlántica reitera a súa vontade de cooperación leal coas medidas tomadas polo Goberno do Estado, a Xunta e o goberno local para conter os contaxios e dar resposta á crise, e volve amosar a súa completa disposición para acordar e implantar novas actuacións.

Porén, desde a Marea Atlántica cremos que é preciso ir un paso máis alá e seguir actuando para coidar ás persoas, lonxe de erros austericidas. Na Gran Recesión de 2008 os gobernos escolleron protexer primeiro aos bancos e as grandes empresas, un erro que aínda pagamos hoxe. A enorme desigualdade que se sementou daquela está a agravar as consecuencias da pandemia que vivimos hoxe.

Tamén é necesario contribuír a que as persoas que non poden abandonar o seu posto de traballo conten cunhas condicións axeitadas de saúde e seguridade. Falamos, por suposto, do persoal sanitario e investigador, pero tamén do persoal municipal que mantén os servizos básicos, de quen atende á xente sen fogar ou en risco de exclusión, do reparto de alimentos das bolsas comedor e o talón restaurante, das traballadoras do Servizo de Axuda a Domicilio, das teleoperadoras do 010 e de tantas outras persoas que corren riscos estes días para coidar do conxunto da cidadanía.

Por iso, é o momento de poñer os recursos públicos como escudo para os fogares máis vulnerables e para as persoas que seguen a traballar e manteñen a liña de vida da nosa sociedade. Cremos que o Concello da Coruña debe reforzar os dereitos, os coidados e a protección, dentro das súas competencias. O Real Decreto-Lei asinado onte polo Consello de Ministros abre a porta a facelo, ao flexibilizar a regra de gasto para permitir que os municipios invistan o seu superávit en políticas sociais, rachando unha das cadeas absurdas que herdamos do austericidio de 2008. Poñemos os nosos votos no Pleno ao servizo destas medidas.

### **1.- Máxima protección fronte ao contaxio**

- Esixir ás empresas **concesionarias e subcontratas** municipais que adopten **protocolos de prevención e faciliten ao seu persoal medidas de protección axeitadas**: Servizo de Atención a Domicilio, atención en rúa a persoas sen fogar, SEMUS, etc.
- **Paralización das obras públicas non esenciais**, que non respondan a situacións de risco.



- Negociar coas empresas téxtiles da comarca a **producción de mascarillas e equipos de protección** para paliar a escaseza de medios.

## 2.- Plan de Choque Social - Atención ás persoas

- **Ampliación do Servizo de Atención a Domicilio** mediante contratos de emerxencia e dotación dos dispositivos de protección e protocolos de prevención de contaxios: mascarillas, luvas, batas desbotables e xel desinfectante.
- **Garantir o coidado de persoas maiores e dependentes** a través do Servizo de Atención a Domicilio ante o peche dos centros de día.
- **Localizar e apoiar ás persoas maiores ou dependentes que viven soas**, ampliando o rexistro de casos dos servizos sociais. Pode que non precisasen axuda en condicións normais, pero a súa situación é susceptible de empeorar durante a corentena.
- Incluir **familias monomarentais** na asistencia do voluntariado
- **Reforzo do CIM** ante posibles situacións de emerxencia vinculadas co confinamento.
- **Seguimento dos casos rexistrados de mulleres vítimas de violencia de xénero** que poidan estar a convivir co seu maltratador. É preciso garantir a súa seguridade durante o confinamento.
- Colaboración coas farmacias participantes no programa Redeiras para **detección de casos de violencia de xénero**.
- **Elaboración dun plan de emerxencia e realoxo de persoas sen fogar**.
- **Convocar ás entidades sociosanitarias** que están a prestar atención para crear sinerxías, especialmente coas que traballan no eido do senfogarismo.
- Asegurar e garantir a adquisición polo Concello de **alimentos e outros produtos de primeira necesidade** con destino aos servizos sociais.
- Habilitar **contacto telefónico coas persoas usuarias das bolsas comedor** que podan non manexar internet. Recoller novas demandas vía 010.
- **Ampliar servizo de canguraxe** mentres as escolas sigan pechadas e pais ou nais teñan que continuar traballando presencialmente en servizos esenciais.

## 3. Plan de Choque Social – Medidas económicas:

- **Incrementar os fondos dispoñibles para a prestación de servizos sociais** como a Renda Social Municipal, as axudas de emerxencia, o talón restaurante, as bolsas comedor ou o Servizo de Axuda a Domicilio, entre outros, flexibilizando as súas condicións para chegar ao maior número de persoas beneficiarias. Cómpre **reanudar as citas previas** para novas solicitudes. A Marea Atlántica ofrece o seu apoio para aprobar os modificativos de crédito ou cambios normativos necesarios.
- **Suspensión do pagamento dos alugueres sociais** en vivendas municipais.



- **Acelerar os pagamentos do Concello aos seus provedores**, facilitándolles liquidez nestes momentos de crise.
- **Manter os contratos de prestación de servizos e xestión indirecta de instalacións municipais**, evitando que as empresas concesionarias executen despidos no seu persoal.
- **Creación dunha oficina telemática de atención cidadá** para informar das novas medidas implantadas durante o estado de alarma e resolver dúbidas.
- Impulso dun modificativo de crédito para **incorporar o superávit de 2019** e prescindir de gasto non necesario para facer fronte á emerxencia.
- **Estudo e elaboración dun plan de exencións en tributos locais** para o conxunto da cidadanía, incluíndo autónomos e autónomas, comercios e empresas.
- **Flexibilización do calendario de pagamento** e as condicións de fraccionamento de tributos locais.

#### 4. Coordinación e xestión

- **Uso de ferramentas informáticas para mellorar a coordinación.** Creación dun cadro de mando que reúna toda a información necesaria para xestionar a emerxencia sanitaria, dispoñer de información en tempo real e coordinar os servizos municipais e ao voluntariado.
- **Impulso dunha mesa de diálogo con todos os grupos municipais e os principais axentes sociais e económicos da cidade**, dende os sindicatos até as organizacións empresariais e o comercio local, para abordar a saída desta crise.

O coronavirus COVID-19 non fai diferenza, contaxia por igual a todo o mundo. Pero a crise que se está a derivar da pandemia vese afectada polas desigualdades, e moito. Non todos os fogares dispoñen dos mesmos recursos para soste o confinamento, nin terán os mesmos medios para recuperarse cando a alerta sanitaria remate. Aí é onde as insituacións e os servizos públicos teñen que estar á altura.

A Coruña, 18 de marzo de 2020